



CAMPO DE TRABALLO “DRAGAL” (BOQUEIXÓN-A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
01-12/08/2015	18-30	Internacional	Cultural	20

LOCALIZACIÓN

O concello de Boqueixón forma parte da comarca de Santiago de Compostela, do que dista só 15 km, e está situado no sur da provincia da Coruña e no centro oeste de Galicia.

Localizado na vertente dereita do río Ulla, limita cos seguintes concellos: ao norte cos de Santiago de Compostela e O Pino; ao sur cos de Vedra, A Estrada e Silleda (estes dous últimos na provincia de Pontevedra); ao leste con Touro e Vila de Cruces (tamén en Pontevedra); e ao oeste con Santiago de Compostela e Vedra.

Dragal: A Fraternidade do Dragón é un proxecto transmedia derivado da obra da escritora Elena Gallego. Dentro deste universo desenvolveremos diferentes contidos que aportarán significado ao conxunto da historia literaria. A achega do campo de traballo é facer unha posta en valor inminente do patrimonio cultural e artístico galego a través do campo de traballo para a dinamización da zona do Pico Sacro e do Camiño de Santiago nos concellos de Santiago de Compostela, Boqueixón, Padrón e Vedra.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO DE TRABALLO

A intervención do campo de traballo ten moito que ver coa posta en valor da zona a través da creatividade e a dinamización desta zona rural.

- Dinamización da Ruta do Dragón: dramatización a partir da obra de Elena Gallego
- Creación da Ruta das Estrelas: novas tecnoloxías
- Recuperación medioambiental: deseño e mantemento das rutas
- Mapa sonoro de Boqueixón: novas tecnoloxías
- Mapa audiovisual do Dragal: novas tecnoloxías

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- As actividades complementarias faranse en colaboración coa mocidade da zona que interactuará, deste xeito, cos participantes.
- Obradoiros creativos, obradoiro de aproximación á música e á lingua galega, e obradoiro de lendas e costumes galegos.

- Paseos pola poboación de Boqueixón e achegamento á súa historia, cultura e festas.
- Xornadas na piscina municipal.
- Actividades náuticas.
- Xeocaching no Pico Sacro.
- Visitas a Santiago de Compostela.
- Excursión á Costa da Morte.
- Encontros con técnicos audiovisuais de animación.
- Encontros coa escritora Elena Gallego

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo de traballo.

COMO CHEGAR

Por avión: (www.aena.es). Tfno.: 902 404 704
 Aeroporto de Lavacolla en Santiago de Compostela. Tfno.: 981 547 501

Aeroporto de Alvedro (A Coruña). Tfno.: 981 187 200
 Aeroporto de Peinador (Vigo). Tfno.: 986 268 200

Por estrada:

-Liña Lugo-Santiago. Empresa FREIRE
 (www.empresafreire.com). Tfno.: 982 220 300

- Liña A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo. Empresa MONBUS (www.monbus.es). Tfno.: 902 292 900

Estacións de autobuses:

A Coruña. Tfno.: 981 184 335

Lugo. Tfno.: 982 223 985

Santiago de Compostela. Tfno.: 981 542 416

Vigo. Tfno.: 986 373 411 (www.vigobus.com)

Ourense. Tfno.: 988 216 027

Ferrol. Tfno.: 981 324 751

Por tren:

RENFE (www.renfe.es). Tfno.: 902 240 202

FEVE (www.feve.es). Tfno.: 981 370 401

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Os/As voluntarios/as aloxaranse nas instalacións da Escola de Capacitación Agraria das que dispón o propio concello na parroquia de Sergude, dende onde serán



CAMPO DE TRABALLO “DRAGAL” (BOQUEIXÓN-A CORUÑA)

trasladados (ida e volta) diariamente ata o lugar da actividade.

En canto á manutención, farán o almorzo, o xantar e a cea nas mesmas instalacións: é un campo de traballo vivencial polo que se contempla que os traballos sexan compartidos nun retén.

INCORPORACIÓN

O primeiro día ás 16:00 h na entrada principal da estación de autobuses de Santiago de Compostela.

COTA

NOVENTA (90 €) euros

DEVOLUCIÓN DA COTA

Soamente se devolverá a cota no caso de **suspensión da actividade**.

EQUIPO ACONSELLABLE

Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha
Saco de durmir, esteira e mochila para rutas e saídas
Calzado axeitado para montaña e calzado deportivo
Roupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas, gorro de baño...), de abrigo (roupa adecuada para poder realizar o traballo no caso de chuvia ou frío), de auga (chuvasqueiro), de traballo (luvas, gorro, calzado cómodo, botas de montaña...).
Lanterna.

Ordenador portátil persoal.

Medicamentos en caso de tratamento.

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu DNI e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Páxina web (a partir de maio): www.ctdragal.com

Teléfono: Coordinadora de Campaña - Iria - Tfno.: 982 804 149

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Tfno.: 981 544 838 e 981 957 115

Camposdetraballo.xuventude@xunta.es

Servizo de Xuventude na Coruña. Tfno.: 881 881 238

www.facebook.com/xuventude.net

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de traballo, lecer e tempo libre, actividades, formación...

www.santiagoturismo.com. Información sobre a cidade de Santiago de Compostela, transportes, accesos...

www.coruna.es. Información sobre a cidade da Coruña, transportes, accesos...

www.boqueixon.es. Información sobre o concello de Boqueixón, situación, turismo, transportes, accesos...

www.xacobeo.es. Páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos.

www.turgalicia.es. Portal de información turística de Galicia.

www.alsa.es. www.avanzabus.com. Páxinas con información sobre transporte dende outras comunidades autónomas.